

1

Comecei a odiar a miña familia o día en que nacín. Pode parecer imposible sentir odio nada máis chegar a este mundo, pois non é o tipo de sentimento que ten un bebé ensanguentado que acaba de saír do ventre da súa nai, que actúa simplemente por impulsos e só reacciona ante estímulos como a fame ou a dor. Mais eu sentín odio. Tamén pode parecer imposible ter lembranzas dese momento, pois está cientificamente probado que as estruturas cerebrais que axudan a reter os recordos non están suficientemente desenvolvidas no neonato e só comezamos a ter memoria episódica a partir dos catro ou cinco anos. Mais eu lémbroo como se fora onte.

O berro que emitín o vinte de xaneiro de 1980 aos tres segundos de vida non se debeu ao lixeiro golpe que o médico me propinou no cu, non. Aquel non era un berro de dor, senón de espanto, do espanto que me produciu ver a horrible cara da miña nai, vermella e suada tras o esforzo feito para expulsarme do seu corpo, e a do meu pai, sentado ao carón dela, pálido e mareado pola impresión do espectáculo. Pero a deformidade dos seus rostros non era froito do tenso momento vivido, non era algo circunstancial que melloraría tras unha ducha e uns días de descanso. Os seus rostros eran feos de seu, dende sempre e para sempre. Sen remedio.

A miña nai, Manuela, Nela para os familiares e amigos (para min, Manuela), que naquel momento sería unha moza duns vinte e oito anos, tiña o contorno da cara máis redondo cá roda dun camiión, coroadado por unha pequena cantidade de pelo escuro, débil e peiteado de forma descoicada. O seu nariz, en forma de pataca esmagada, cumpría a función de enorme centro gravitatorio do que parecían depender o resto de elementos desa esfera cárnica para manterse no seu sitio. Os ollos, gris tristeza, estaban pega-

dos ao comezo da pataca, deixando unha distancia fóra do común entre eles e as orellas, mentres que os beizos, máis finos cá palla, a duras penas ocultaban uns dentes desiguais e decorados con sarrio. O corpo non presentaba un panorama mellor: cen quilos de graxa repartidos ao longo do seu escaso metro e medio de altura, concentrados principalmente nuns enormes e desagradables peitos dos que me vin obrigado a succionar leite acedo durante case dous anos, e nunhas pernas capaces de machucar un cabalo.

Jesús, o meu pai, Suso para os familiares e amigos (para min, Jesús), que tería trinta e catro anos cando eu nacín, era un home moi delgado, de longos brazos e extensas pernas. Tiña unha cabeza estreita sobre a que mantiña un fino veo de pelo marrón e na que repousaban un nariz magro e vermello, uns ollos negros que mostraban un constante entrepechado, como de fatiga permanente, uns beizos desmedidamente carnosos, semiocultos baixo un mesto bigote que adquirira un ton amarelo polo fume do tabaco que consumía de forma compulsiva, e unhas grandes orellas que asomaban con descaro tras unhas grosas patillas. El sempre dicía, facéndose o gracioso: “orella para fóra, orella que namora”, tentando así restarlle importancia aos seus defectos físicos, aínda que con comentarios estúpidos como este non conseguía máis que resaltalos.

Se por separado eran esperpénticos, en conxunto parecían *freaks* escapados dun circo de seres monstruosos. O meu espanto estaba máis que xustificicado, e non foi a menos cando coñecín o resto da familia. A miña avoa materna, Balbina -por sorte, a única avoa que me quedaba-, fora tan gorda como a miña nai, pero “adelgazara de pena” tras a morte do meu avó, e onde antes había graxa agora quedaba pel colgante e engurrada. A súa cara en forma de lúa era a dunha bruxa, cun nariz afiado que remataba en verruga, uns dentes negros e escasos e un queixo disparado tamén con verruga na punta. O bico que me deu no hospital ao verme por primeira vez, que tamén lembro, foi unha das

cousas máis desagradables das que me habían de acontecer ao longo da miña vida. Cando tiven a capacidade para negarme, nunca máis lle deixei que me bicara.

Por último, o meu irmán Francisco, Fran para os amigos pero non para min, era un ser neutro, sen interese, cunha cara destas que se esquecen aos cinco segundos de mirala. Só destacaba polo seu desagradable sorriso, que acompañaba cun son nervioso parecido ao que emiten as gaivotas. Era tres anos máis vello ca min, pero mentalmente aínda estaba no ventre da miña nai.

Co devandito, imaxinaredes a sorpresa que levaron todos ao ver que, froito da mestura do esperma do meu pai e un óvulo da miña nai, nacera eu, un ser anxelical, louro, de ollos azuis, beizos e nariz esculpídos por un cicel celestial, un corpiño ben feito, miúdo pero potente, e un sorriso cativador que eu reservaba só para aqueles aos que consideraba dignos de contemplalo. De aí que me puxeran o nome de Anxo e de aí o meu odio inicial cara á miña familia, un odio semellante ao que podería ter un precioso gatiño ao ver que nace nun niño de ratas de sumidoiro, un odio que iría en aumento ao coñecerlos e ao convivir con eles ano tras ano e que se estendería máis aló dos muros da miña casa, un odio que relatarei tal e como o vivín.

2

Pasei toda a miña infancia nunha vila galega, moi preto da costa. Todo alí cheiraba a unha mestura de musgo, esterco e salitre. Un olor co que amencía e co que me durmía, que impregnaba todo o meu ser lembrándome constantemente que vivía no recuncho máis miserento do mundo.

A casa na que residiamos pertencera á miña familia materna dende tempos inmemoriais. Polo que puider ver nunha foto que me amosou Balbina, ata que a herdou o meu avó Benito, o seu defunto marido, a vivenda non era máis ca un pequeno habitáculo feito de pedra cunha cheminea no cume. Tiña ese encanto que posúen as casas rurais antigas cando as ves dende fóra e sabes que nelas viven outros e pasan frío outros e a humidade está instalada nos ósos doutros que non son ti. “Aquí chegamos a vivir quince tan felizmente”, dicía Balbina con orgullo e nostalxia. Pero parece ser que o meu avó non entendía de encantos rurais nin de sentimentalismos. Tan pronto como foi súa -tras unha terrible batalla legal cos seus irmáns, cos que nunca máis volvería falar—enganchou uns veciños para que o axudasen, tirou abaixo todas as pedras, e plantou no terreo unha edificación de ladrillo e cemento de dous pisos, cuxa fachada non coñecería nunca a pintura nin ningunha cor máis aló do gris tristeza (a xogo cos ollos da miña nai). “Durante varios anos foi o edificio máis alto da vila”, gustáballe comentar á miña avoa, coma se vivíssemos en Abu Dhabi.

Na parte de abaixo desta exemplar obra arquitectónica estaban, ao lado esquerdo, o garaxe, onde meu pai enterraba o seu maltreito Seat “non sei que” (algunha provincia española) entre unha infinidade de aparellos de campo, pesca, botellas, caixas e demais útiles *dioxénicos*, e ao dereito, unha das portas de entrada, que daba directamente á cociña, terreo reservado á miña avoa e aos seus queridos fornelos de butano, chea de baldosas amarelas (antes brancas) con motivos florais, unha mesa de madeira cun tapete de punto feito pola miña nai sobre o que repousaban unhas flores de porcelana e unha tele pequena de tubo situada enriba da neveira.

Inmediatamente despois atopábase o salón, ocupado, en primeiro termo, por un sofá tapizado con pel de dinosauro

esvaído, forrado cun plástico para que non se manchase e, ao seu lado, unha butaca acolchada, propiedade do meu pai, un asento prohibido para os nosos cus incluso nas súas longas ausencias, cando marchaba ao mar. Entre o sofá e a butaca había unha mesa de cristal con dúas alturas, a de abaixo repleta de revistas “¡Hola!” e a de arriba ocupada por un cinceiro enorme, permanentemente cheo de cabichas. A mesa repousaba sobre unha alfombra “traída de Persia”, dicía Balbina, algo do que eu non dubidaba porque, a xulgar pola súa cor-descolorida, aquilo databa do século VIII. As paredes estaban cubertas de cadros de cervos en paisaxes bucólicas e de bodegóns tabernarios. Tamén penduraban as fotos da voda da miña avoa, da primeira comunión da miña nai (á que despois se sumarían a de Francisco e a miña) e o retrato dalgún antepasado militar que vai saber ti por quen loitou. As vitrinas de madeira eran outros dos elementos destacados, pechadas sempre baixo chave e ategadas de pratos e copas “para as ocasións especiais” que nunca chegaron.

No salón, os tapetes de punto da miña nai estaban por todas partes, tanto que parecían formar entre eles unha especie de rede arácnida na que, en vez de moscas, quedaban atrapadas figuras infernais de porcelana: a dunha bailarina de ballet, a dun pallaso con cara triste, a duns cisnes cos pescozos irrealmente entrelazados, a duns anxiños abrazados, a duns namorados (ambos xa eivados por algunha caída) bicándose sentados nun banco... Esta colección era sagrada para Manuela, valorábaa como se fose un mérito persoal, o traballo de toda unha vida. Lembro que unha das poucas veces que me rifou foi cando enganchei os anxiños e llos tirei á cabeza ao meu irmán sen un motivo concreto (supoño que porque me estaba a molestar coa súa risa-gaivota). Pero non me rifou polo sangue que saíu da cabeza de Francisco, senón que se enfadou porque, co golpe, os seres celestiais deixaron de estar abrazados.

Pero quen de verdade reinaba no salón era a tele, unha xigante de tubo que emitía moita máis luz que a lámpada de araña que colgaba sobre as nosas cabezas, alumeando sinistramente os feos rostros dos meus supostos conxéneres e os das figuras de porcelana. A tele era un membro máis da nosa familia, o que eu máis quería, e o que me axudou a ver que había vida intelixente fóra do cortello no que vivía, que había cidades xigantes cheas de edificios altos, tendas de todo tipo, bancos, restaurantes e xente guapa, coma min. Mostroume que había esperanza.

Ao fondo do salón abríase a porta que daba ao xardín, se é que se pode empregar esta bucólica palabra para un lamazal con restos de herba. En verán, a miña nai plantaba sobre a terra unha piscina de plástico na que agora non me cabería nin medio pé, e metíanos ao meu irmán e a min para que pasásemos a tarde a remollo. De vez en cando dábanos coa manguera para refrescarnos. A ela facíalle moita graza, a min, ningunha, e Francisco grillaba encantado mentres deixaba escapar algo de mexo para “quentar a pistiniña”, como el dicía. En inverno xogabamos ao balón ou a tirarnos pedras, sempre intentando evitar darlle ao curral con galiñas que tiña nunha esquina do terreo a miña avoa, pegado a unha pequena horta con tomates sabor a galiña. Gran parte do meu ocio infantil transcorreu encerrado nese claustrófono espazo aberto, xogando cun *borderline*.

Nos elaborados planos arquitectónicos que sen dúbida debeu realizar o meu avó, non considerou oportuno incluír unha escaleira interior, así que, se queríamos subir ao piso de arriba, onde estaban as nosas habitacións, tiñamos que facelo pola escaleira exterior, con pasamáns de aluminio e chanzos de mármore, chovese ou brillase o sol, fose de día ou de noite. Delas caeu Francisco na súa primeira (e única) borracheira á volta das festas da vila, facéndose unha ferida no queixo que deformou a súa cara pero que, polo menos,

a fixo algo máis peculiar. Sobra dicir que, ao final da escaleira, debaixo do felpudo da entrada, había permanentemente unhas chaves de casa “por se perdíamos as nosas”. Un sistema moi seguro, típico da zona.

Entrando á dereita atopábase a habitación dos meus proxenitores, austera e pouco comfortable, cunha cama flanqueada por un par de mesiñas de noite, un armario e un pequeno espello en forma de sol. Suficiente para eles. Á esquerda, a de Francisco e a miña, a que compartiríamos ata a súa maioría de idade, con dúas camas excesivamente pegadas, mantas de lixa, almofadas de pedra, un estante de caixóns para gardar a roupa e unha pequena mesa que pretendía ser “de estudo”. Durmíamos sempre cunha lámpada acesa porque o meu irmán tíñalle medo á escuridade. Eu nunca abría a ventá para impedir que se filtrasen os desagradables olores exteriores, e sempre procuraba ter un ambientador/mata mosquitos enchufado preto de min para, ao deitarme, pegar o nariz a el o máximo posible e, así, respirar un cheiro soportable. Ao fondo situábase a habitación da miña avoa. Viámonos obrigados a atravesala varias veces ao día para ir ao baño, o único da casa. Ballbina tiña todas as paredes cheas de cristos e cadros da Virxe María. Sobre a cabeceira da cama tiña un enorme anxo que apuntaba a un moble no que repousaba unha Biblia aberta xusto polo comezo do libro da Apocalipse. Ao lado da Biblia había unha tele, a súa outra relixión. De feito, aínda hoxe dubido cara a onde apuntaba o anxo, se cara á tele ou á Biblia. A min esa habitación arrepiábame, pero, se quería mexar, tíñame que foder.

Nesta estrutura á que chamaban casa pasei os meus primeiros dezaioito anos de vida, sen que houbera un só día no que non desexase espertar sendo maior de idade para fuxir de alí e marchar a vivir a eses lugares tan prósperos e bonitos que amosaban na tele, cheos de xente elegante e triunfadora. Eses lugares aos que eu correspondía.